

# DINÁMICAS DE PRESENTACIÓN

## PRESENTACIÓN GRUPAL



### OBXECTIVOS DA DINÁMICA

O obxectivo principal deste tipo de dinámicas é o de romper o xeo, creando relacións entre as persoas que compoñen o grupo.

Naqueles grupos nos que o alumnado xa se coñece, utilízanse para mellorar o clima de convivencia, xa que poden promover un coñecemento máis profundo naqueles grupos menos cohesionados.

### DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

Podemos levar tarxetas recortadas dunha cartolina para que as vaian pasando, escribindo o seu nome e colocándoas por medio dun pequeno imperible nun lugar visible, que ao finalizar a sesión recolleremos.

Á vez que escriben o seu nome e colocan o imperible poden presentarse aos demais, dicindo o seu nome e contestando a algunha pregunta que lles propoñamos. Serían exemplos para preguntas:

- ★ Cal é o teu xogo preferido?
- ★ Cal é a túa afición favorita?
- ★ Cal é a túa película preferida?
- ★ Que serie estás vendo?
- ★ Cal é o teu libro favorito?
- ★ Se tiveses o mundo nas túas mans... que sería o primeiro que cambiarías?
- ★ Cal é a tua materia preferida?
- ★ A que personaxe histórico admiras máis?
- ★ ...

### PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Descubristes algo novo dos vosos compañeiros e compañeiras?
- ★ Que pensades que tedes en común como grupo?
- ★ Sorprendeuvos en algo coñecer mellor a algunha persoa?

...

### MATERIAIS

- ★ Tarxetas feitas con cartolina
- ★ Imperdibles pequenos